



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Actividade Convocatoria sesión ordinaria Pleno
Número expediente PLN/2025/015

PLN/2025/15- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA VINTE E CATRO DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Sendo as dazanove horas e trinta e dous minutos do vinte e catro de setembro do ano dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, reúnese o Pleno aos efectos de celebrar a sesión ordinaria, baixo a presidencia do Alcalde, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, contando coa presenza dos seguintes concelleiros/as:

Cadro de asistencia	
Concelleiro/a	Asistencia
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
Jorge Manuel Kuntz Peiteado	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Begoña María Gómez Díaz	Asiste
Evaristo Deus Deus	Asiste
Verónica Fernández Varela	Asiste
Javier Cartelle Cudilleiro	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Excusa a súa asistencia
Iván Martínez González	Asiste

Actúa como secretaria a titular do posto de secretaria xeral, Dña. Paula E. Ramos Díaz.

Coa presenza da titular do posto de intervención , Ana María Gómez Peña.

Excusa a súa asistencia a concelleira M.^a Dolores González Lorenzo.

Avda. de Galicia, 45. Tfnos.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Déixase constancia de que para os efectos do cumprimento do deber de publicidade activa e de conformidade co establecido no artigo 5.3º da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, a acta reflicte as operacións de disociación de datos de natureza persoais necesarias así como as impostas polo artigo 51 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1º.- SECRETARÍA.-APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 27.08.2025 (2025-0014) E 11.09.2025 (2025-0015). Para os efectos previstos no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese á consideración do Pleno:

- Borrador da acta da sesión ordinaria realizado polo Pleno con data 28.08.2025 (2025-13).

Toma a palabra o conelleiro D. Iván Martínez González para solicitar que se realice unha emenda de feito por canto na lembranza realizada ao inicio da sesión faise referencia ata en dúas ocasións a Loly Vázquez Iglesias cando o come correcto é Loly Vázquez Filgueiras.

Sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado coa emenda proposta:

Grupo municipal	PP (4)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (1)
Sentido do voto	Tres votos a favor e unha abstención de D. Juan Domingo de Deus Fonticoba non presente na sesión	A favor	A favor	A favor

En atención ao resultado acadado, o Pleno presta aprobación a devandita acta.

- Borrador da acta da sesión ordinaria realizado polo Pleno con data 11.09.2025 (2025-14).

Sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Grupo municipal	PP (4)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (1)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	A favor

En atención ao resultado acadado, o Pleno presta aprobación a devandita acta.

2°.SECRETARIA.-TOMA DE COÑECEMENTO DE ESCRITO DE RENUNCIA DE CONCELLEIRO E PROPOSTA DE ESTENSIÓN DE CREDENCIAL EN FAVOR DE NOVA CONCELLEIRA.- Elévase á consideración do Pleno os antecedentes que obran no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 1384/2023, trasladados previamente á Xunta de Portavoces en sesión realizada con data 18.09.2025:

“3.- SECRETARIA.- EXPEDIENTE 1384/2023.- DAR CONTA DA RECEPCIÓN DA CREDENCIAL CONCELLEIRA PARA TOMA DE POSESIÓN NO VINDEIRRO PLENO ORDINARIO.- Dáse conta dos trámites realizados en execución do acordo adoptado na sesión ordinaria do Pleno realizado con data 28 de agosto de 2025, e da recepción con dta 9 de setembro de 2025 de credencial estendida coa mesma data en favor de Patricia María Ruíz de Azcárate Casteleiro por estar incluída na listaxe de candidatos/as presentada polo Partido Popular ás eleccións locais de 28 de maio de 2023 e previa renuncia de quenes lle anteceden na candidatura.

De igual xeito a secretaria da conta da realización do trámite previsto no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local con presentación de declaración por parte da interesada no Rexistro de Intereses con data 15 de setembro de 2025.

Polo que cumprimentados os trámites previos, procederase a ser convocada para a efectiva toma de posesión na vindeira sesión ordinaria a realizar con data 24 de setembro de 2025.

A Xunta de Portavoces dá por realizado o trámite.”

Procédese a dar cumprimento ao establecido no no artigo 108.8º da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral.

O alcalde procede así ao chamamento público de Begoña María Gómez Díaz previamente convocada para tal efecto para a súa toma de posesión como nova concelleira.

A interesada de seguido leva a cabo segundo a fórmula establecida no Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se establece a fórmula de xuramento en cargos e funcións públicas, xura o seu cargo e así:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

“XURO POLA MIÑA CONCIENCIA E HONRA CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGACIÓNS DO CARGO DE CONCELLEIRA DO CONCELLO DE MUGARDOS CON LEALDADE AO REY E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO”.

O Alcalde dá a benvinda á nova concelleira desexándose moita sorte no desenvolvemento da nova responsabilidade pública que asume.

Realizado o acto de toma de posesión, a nova concelleira gozando dos dereitos e obrigas propios do seu cargo polo que en orde ao establecido no artigo 73 da Lei 7/1985, de 2 de abril e 24 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, incorpórase formalmente á sesión do Pleno.

3º.- INTERVENCIÓN.- EXPEDIENTE 1224/2025. IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DE TRIBUTOS.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES. .- Elévase á consideración do Pleno os antecedentes que constan no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica núm. 1224/2025, no que consta ditame emitido de xeito desfavorable pola CIP de Facenda e Promoción Económica en sesión realizada con data 18.09.2025.

Primeira quenda de intervencións	
Grupo PP	Abre o exame deste punto da orde do día o Alcalde presentando o punto, dando conta dos antecedentes do expediente.
Grupo PSdG-PSOE	Inicia a súa intervención o voceiro do grupo dando a benvinda á nova concelleira. Detalla os obxectivos da proposta de modificación: adecuación ao marco normativo actual e incremento do tipo de gravame. Como grupo consideran que para facer unha modificación deste calado é necesario coñecer cáles son as necesidades reais do concello, tras a incidencia producida polo cambio nos ingresos que percibe tras o cambio de epígrafe no IAE da empresa REGANOSA e do posterior convenio asinado. Polo que primeiro debería realizarse un estudo sobre os gastos a cubrir e os ingresos que se necesitan. Do mesmo xeito non se sabe cal vai a ser a aplicación dos recursos que se recade, en función do que estima unha mala xestión polo Goberno local coma, cita entre outros, os proxectos encargados e despois non executados (museo do polvo, mercado etc) ou cambio de xestión de





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	servizos que agoran son externalizados. Suman ademáis a ausencia dun orzamento actualizado e os gastos que se realizan á marxe do orzamento. Do mesmo xeito bota en falta información sobre qué persoas físicas ou xurídicas van a soportar a nova carga impositiva, indicando que mentres REGANOSA viu reducido o importe a pagar tras a modificación tributaria por epígrafe no IAE, a veciñanza afronta unha maior presión fiscal. Polo que anuncia o voto en contra do seu grupo.
Grupo BNG	Inicia esta primeira intervención a portavoz do grupo BNG dando a benvida á nova concelleira. Comparten parte dos argumentos do grupo PSdeG-PSOE. Levan dous anos pedindo un novo orzamento e resalta a existencia un burato económico de máis de 5 millóns de euros que non existían antes do actual equipo de goberno. Critica que non se publicitaron adecuadamente á veciñanza o calendario fiscais, posibilidades de aprazamento ou fraccionamento de débedas. É necesario ademáis un plan económico, executar as ofertas de emprego e solicitan que os remanentes xenerados polos maiores ingresos vaian destinados a pagar ás asociacións. Remata a súa intervención sinalando que con esta modificación o concello se sitúa nunha carga impositiva no imposto superior da media das entidades próximas.

Segunda quenda de intervencións	
Grupo PSdeG-PSOE	Toma a palabra o portavoz do grupo. Reitera que se trata dun incremento importante, cun incremento dun 20%. E indica que a comparativa vai máis alá da proximidade xa que se asocia ao valor catastral. E todo elo sen unha planificación. Dende que REGANOSA deixou de pagar a cota tributaria vinculada ao epígrafe anterior non se adoptaron medidas e pola contra se aprobou un convenio que pon en desvantaxa económica ao concello. Polo que pide que a carga fiscal sexa igualitaria entre empresas e veciñanza, e como indica o grupo BNG coa desvantaxa de non contar cun plan de aforro aprobada.
Grupo PP	Toma a palabra o concelleiro D. Joge M. Kuntz Peiteado. Como se fala de necesidades espera que houbesen examinado o informe de





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	intervención. En canto aos ingresos de REGANOSA, cando menos é necesario subir cando o que se deixou de ingresar e destaca que a situación podería ser moito peor no caso de que non se tivese asinado o convenio e o concello vise condenado a pagar a dita empresa case que seis millóns de euros. Lembra o que se paga en nóminas polo concello pola presentación de servizos e sen que elo implique que igualmente é necesario cubrir os postos. As empresas non pagan IBI salvo que sexan titulares sun ben. Os valores en Mugardos son do exercizo 2001 e dende o ano 2013 non se levou a cabo incremento ningún. E se suma o que non se recada ao incremento de luz, auga ou o canon da basura imposto polo goberno central, non dan as contas. Polo que é imprescindible equilibrar gastos e ingresos.
Alcalde	Quere matizar algunha das cuestións comentadas no debate. Para facer un novo orzamento é necesario saber con cantos ingresos é preciso contar e por elo primeiro debe realizarse a actualización e despois confeccionar os orzamentos. En canto á aplicación dos ingresos que se recaden, quere lembrar que existe un documento que detalla cales son os gastos que afronta o concello que é a Liquidación anual na que se indica a orixe dos gastos. E cita, entre outros, a subministración de luz eléctrica, funcionamento dos bombeos, liquidacións cuatrimestrais da Xunta de Galicia ou en pagar efectivamente os convenios a tempo. E en incrementar o crédito para dar cobertura ás prazas en execución das OPE aprobadas. Respecto das memorias ás que se fixo referencia como encargos propagandísticos do PP, quere por por exemplo o proxecto do pabellón de deportes que está incluído no POS. Destaca unha vez máis que o convenio extraxudicial asinado polo concello con REGANOSA tivo por finalidade que o concello non deba abonar case 6 millóns de euros. Ás empresas xa están ao máximo da carga impositiva. Cando a situación permitía baixar o IBO o seu equipo promoveu a medida máis agora é preciso incrementar o tipo de gravame. Lamenta que se todos os grupos sumasen se podería xa contar cun plan de pago a provedores





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	aprobado. Máis se opuxeron. Pese a elo o equipo de goberno está tentando reducir os gastos máis exiten outros que pola súa natureza deben ser afrontadas como o SAF e a atención a persoas dependentes nun escebario de merma de financiamento por outras AAPP. Hai que intentar cadrar as contas para que os servizos sexan sostibles no tempo evitando medidas ineficaces que impliquen subidas anuais.
--	---

Rematado o debate e sometida a proposta asinada pola concelleira delegada de Facenda e Promoción Económica con data 15 de setembro de 2025 previamente ditaminada a votación ordinaria, acádase ao seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (1)
Sentido do voto	A favor	Abstención	En contra	En contra

En atención ao resultado da votación, o Pleno en uso das facultades previstas no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o **seguinte ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal nº 1-I, reguladora do imposto sobre bens inmobles, publicada no BOP da Coruña núm. 45, do 24.02.2003, con modificacións posteriores publicadas nos BOP nº270 do 23.11.2004, no BOP nº267 do 22.11.2005, no nº271 do 23.11.2007, no nº248 do 31.12.2012 e no nº166 do 02.09.2013, no BOP nº 155 de 17.08.2016 , e no BOP nº 245 de 28.12.2016 ,nos seguintes termos:

-Se modifica o texto do artigo 1, que pasa a ter a seguinte redacción:

Artigo 1.-Tipos de gravame

1.Os tipos de gravame aplicables neste municipio, son os seguintes:

Bens inmobles de natureza urbana	0,65%
Bens inmobles de natureza rústica	0,67%
Bens inmobles de características especiais	1,30%





Concello de Mugardos
(A Coruña)

2. Establecéñse tipos diferenciados, para os bens inmobles de natureza urbana, que teñan asigandos os usos seguidamente indicados, e que superen, atendendo a normativa catastral a valoración de construción que seguidamente se indica:

USOS	Valor catastral a partir do cal se aplicará o tipo de gravame diferenciado	Tipo de gravame diferenciado
Industrial	1.500.000,00 €	1,10%

En todo caso, os tipos de gravame diferenciados só poderán aplicarse ao 10% dos bens inmobles do termo municipal, que para cada uso, teñan maior valor catastral.

Nos supostos de que os inmobles teñan atribuídos distintos usos aplicarase o tipo correspondente ao uso da edificación ou dependencia principal.

-Se modifica o texto do artigo 3, que pasa a ter a seguinte redacción:

De conformidade co previsto nos artigos 73.1, 73.2, 74.4 e 74.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL):

1. Gozarán dunha bonificación do 50% na cota do imposto os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que comecen as obras ata o posterior ó seu remate, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos. A solicitude da bonificación débese formular antes do comezo das obras, entendendo por tal o momento do outorgamento da licenza por parte da administración municipal.

Para disfrutar da bonificación os interesados deberán presentar a documentación seguinte:

- a) Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos estatutos da sociedade.
- b) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado, mediante certificación do administrador da sociedade ou fotocopia do derradeiro balance presentado ante a axencia estatal de administración tributaria para os efectos do imposto de sociedades.
- c) Copia da solicitude de licenza de obra, se non se presenta simultaneamente.

2. Gozarán dunha bonificación do 50% na cota do imposto, durante o prazo de tres anos contados desde o exercicio seguinte ó do outorgamento da cualificación definitiva, as





Concello de Mugardos
(A Coruña)

vivendas de protección oficial e as equiparables a estas segundo a Lei da Comunidade Autónoma. Esta bonificación terá que solicitala o interesado en calquera momento anterior á terminación do prazo de tres anos e terá efectos desde o período seguinte ó da solicitude.

Os solicitantes presentarán a cédula de cualificación definitiva como vivenda de protección oficial do inmovible e a documentación acreditativa da titularidade do devandito inmovible.

3. A teor do que se dispón no artigo 74.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, de acordo co previsto na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, gozaran dunha bonificación na cota íntegra do imposto.

Esta bonificación concederase exclusivamente para a vivenda que constitúa a súa residencia habitual, de conformidade cos seguintes supostos:

- Bonificación do 50% para as familias numerosas de categoría especial.
- Bonificación do 25% para as familias numerosas de categoría xeral.

Os interesados deberán de solicitar a bonificación ante o Concello, ou ante a Deputación Provincial da Coruña no caso de delegar nesta administración as competencias en materia tributaria do imposto, ou o imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro, achegando a seguinte documentación antes do 31 de decembro do ano anterior ao que se pretenda obter a bonificación:

- Xustificación da condición de familia numerosa (título oficial establecido para os efectos).
- Volante ou certificado de empadramento.

Así mesmo, de acordo co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os interesados teñen dereito a non achegar documentos que xa se atopen en poder da Administración actuante ou que fosen elaborados por calquera outra administración. A administración actuante poderá consultar ou solicitar estes documentos salvo que o interesado se opuxese a iso.

A bonificación aplicárase durante a vixencia do título de familia numerosa e será compatible coa regulada no artigo 3.2.

4. Gozarán dunha bonificación do 50% da cota, durante os tres períodos impositivos seguintes ao de finalización da obra xustificada co certificado requirido no punto 2, os inmovibles de carácter residencial que constitúan a vivenda habitual dos suxeitos pasivos, con independencia de cómo figure rexistrado o uso do inmovible no Catastro Inmobiliario, e cos seguintes requisitos:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

4.1. Cando os inmobles tiveran instalado sistemas para o aproveitamento térmico o eléctrico da enerxía provinte do sol, será requisito necesario conseguir, coa enerxía anteriormente mencionada, un aforro mínimo de enerxía primaria non renovable do 30 % con respecto ao certificado da eficiencia enerxética do edificio/inmable actual, sendo necesario para a obtención da bonificación que se solicite a seguinte documentación:

1. Comunicación de obra menor ou licenza de obras segundo corresponda.

2. Será necesario aportar:

2.1. Memoria técnica de deseño: se a conexión é de baixa tensión e cunha potencia igual ou inferior a 10 kW, que deberá elaborar unha empresa instaladora habilitada para iso.

2.2. Proxecto técnico e certificado final de obra: se a conexión é de baixa tensión con potencia superior a 10 kW, que deberá redactar e asinar un técnico titulado competente en proxectos eléctricos. E o mesmo aplica para conexións á rede de alta tensión (para calquera potencia de instalación).

3. Certificado enerxético do estado final da actuación o cal terá que ser inscrito no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios de Galicia (RGEEE).

4. Xustificación da inscrición no rexistro de instalacións de autoconsumo na Consellería de Industria.

5. Empadramento do suxeito pasivo no inmable obxecto da solicitude.

6. Estar o corrente das súas obrigas tributarias co Concello no momento da concesión da bonificación.

A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación pola administración competente.

4.2. Á vista da documentación presentada, o Concello, ou a Deputación Provincial da Coruña no caso de delegar nesta administración as competencias en materia tributaria do imposto, ou o imposto municipal que o complemento ou substitúa no futuro, ditará resolución concedendo ou denegando a bonificación solicitada. A bonificación concedida producirá efectos dende o período impositivo seguinte a súa solicitude. En calquera caso, a presentación da solicitude fóra de prazo establecido no apartado 4.3. dará lugar a súa inadmisión e conseguinte denegación da bonificación instada.

4.3. Estas bonificacións terán carácter rogado. Os suxeitos pasivos que cumprindo os requisitos establecidos neste artigo 3.4 pretendan desfrutar da bonificación, deben presentar a correspondente solicitude dirixida ao Concello, ou á Deputación Provincial da Coruña no caso de delegar nesta administración as competencias en materia tributaria do imposto, ou o imposto municipal que o complemento ou substitúa no futuro, ata o 31 de decembro do ano anterior ao período impositivo no que pretenda que produza efectos.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

4.4. A bonificación regulada neste artigo 3.4 é incompatible con outros beneficios fiscais regulados nesta ordenanza fiscal.

-Elimínase o artigo 4.Sistema especial de fraccionamento do IBI.

Con motivo de aplicar o principio de boa regulación, e en aras de evitar malentendidos e confusións que se poidan producir coa normativa propia da Deputación Provincial de A Coruña.

-Se modifica o texto da disposición derradeira, que pasa a ter a seguinte redacción:

Disposición derradeira.

A presente modificación desta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2026 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Unha vez introducidas as citadas modificacións o texto definitivo da ordenanza fiscal nº1-I, reguladora do imposto sobre bens inmobles, quedaría redactada do seguinte xeito:

“ORDENANZA FISCAL Nº 1-I REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

ARTÍGO 1.-TIPOS DE GRAVAME.

1.Os tipos de gravame aplicables neste municipio, son os seguintes:

Bens inmobles de natureza urbana	0,65%
Bens inmobles de natureza rústica	0,67%
Bens inmobles de características especiais	1,30%

2.Establecénsen tipos diferenciados, para os bens inmobles de natureza urbana, que teñan asignados os usos seguidamente indicados, e que superen, atendendo a normativa catastral a valoración de construción que seguidamente se indica:

USOS	Valor catastral a partir do cal se aplicará o tipo de gravame diferenciado	Tipo de gravame diferenciado
Industrial	1.500.000,00 €	1,10%

En todo caso, os tipos de gravame diferenciados só poderán aplicarse ao 10% dos bens inmobles do termo municipal, que para cada uso, teñan maior valor catastral.

Avda. de Galicia, 45. Tfnos.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Nos supostos de que os inmobles teñan atribuídos distintos usos aplicarase o tipo correspondente ao uso da edificación ou dependencia principal.

ARTÍGO 2.-EXENCIONES

De conformidade co previsto no artigo 62.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) decláranse exentos os bens inmobles dos que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública da Comunidade Autónoma ou do Servizo Galego de Saúde, sempre que estean afectos ao cumprimento dos seus fins específicos e polo tempo en que tal afectación se manteña.

De conformidade co previsto no artigo 62.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) gozarán de exención os seguintes inmobles:

- a) Os de natureza urbana sempre que a cota líquida sexa inferior a 7,81 €.
- b) Os de natureza rústica sempre que a cota líquida sexa inferior a 2,64 €.

ARTÍGO 3.-BONIFICACIONES

De conformidade co previsto nos artigos 73.1, 73.2, 74.4 e 74.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL):

1. Gozarán dunha bonificación do 50% na cota do imposto os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que comecen as obras ata o posterior ó seu remate, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos. A solicitude da bonificación débese formular antes do comezo das obras, entendendo por tal o momento do outorgamento da licenza por parte da administración municipal.

Para disfrutar da bonificación os interesados deberán presentar a documentación seguinte:

- a) Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos estatutos da sociedade.
- b) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado, mediante certificación do administrador da sociedade ou fotocopia do derradeiro balance presentado ante a axencia estatal de administración tributaria para os efectos do imposto de sociedades.
- c) Copia da solicitude de licenza de obra, se non se presenta simultaneamente.

2. Gozarán dunha bonificación do 50% na cota do imposto, durante o prazo de tres anos contados desde o exercicio seguinte ó do outorgamento da cualificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as equiparables a estas segundo a Lei da Comunidade





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Autónoma. Esta bonificación terá que solicitala o interesado en calquera momento anterior á terminación do prazo de tres anos e terá efectos desde o período seguinte ó da solicitude.

Os solicitantes presentarán a cédula de cualificación definitiva como vivenda de protección oficial do inmovible e a documentación acreditativa da titularidade do devandito inmovible.

3. A teor do que se dispón no artigo 74.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, de acordo co previsto na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, gozaran dunha bonificación na cota íntegra do imposto.

Esta bonificación concederáse exclusivamente para a vivenda que constitúa a súa residencia habitual, de conformidade cos seguintes supostos:

- Bonificación do 50% para as familias numerosas de categoría especial.
- Bonificación do 25% para as familias numerosas de categoría xeral.

Os interesados deberán de solicitar a bonificación ante o Concello, ou ante a Deputación Provincial da Coruña no caso de delegar nesta administración as competencias en materia tributaria do imposto, ou o imposto municipal que o complementa ou substitúa no futuro, achegando a seguinte documentación antes do 31 de decembro do ano anterior ao que se pretenda obter a bonificación:

- Xustificación da condición de familia numerosa (título oficial establecido para os efectos).
- Volante ou certificado de empadramento.

Así mesmo, de acordo co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os interesados teñen dereito a non achegar documentos que xa se atopen en poder da Administración actuante ou que fosen elaborados por calquera outra administración. A administración actuante poderá consultar ou solicitar estes documentos salvo que o interesado se opuxese a iso.

A bonificación aplicaráse durante a vixencia do título de familia numerosa e será compatible coa regulada no artigo 3.2.

4. Gozarán dunha bonificación do 50% da cota, durante os tres períodos impositivos seguintes ao de finalización da obra xustificada co certificado requirido no punto 2, os inmoables de carácter residencial que constituían a vivenda habitual dos suxeitos pasivos, con independencia de cómo figure rexistrado o uso do inmovible no Catastro Inmobiliario, e cos seguintes requisitos:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

4.1. Cando os inmobles tiveran instalado sistemas para o aproveitamento térmico o eléctrico da enerxía provinte do sol, será requisito necesario conseguir, coa enerxía anteriormente mencionada, un aforro mínimo de enerxía primaria non renovable do 30 % con respecto ao certificado da eficiencia enerxética do edificio/inmable actual, sendo necesario para a obtención da bonificación que se solicite a seguinte documentación:

1. Comunicación de obra menor ou licenza de obras segundo corresponda.

2. Será necesario aportar:

2.1. Memoria técnica de deseño: se a conexión é de baixa tensión e cunha potencia igual ou inferior a 10 kW, que deberá elaborar unha empresa instaladora habilitada para iso.

2.2. Proxecto técnico e certificado final de obra: se a conexión é de baixa tensión con potencia superior a 10 kW, que deberá redactar e asinar un técnico titulado competente en proxectos eléctricos. E o mesmo aplica para conexións á rede de alta tensión (para calquera potencia de instalación).

3. Certificado enerxético do estado final da actuación o cal terá que ser inscrito no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios de Galicia (RGEEE).

4. Xustificación da inscrición no rexistro de instalacións de autoconsumo na Consellería de Industria.

5. Empadramento do suxeito pasivo no inmable obxecto da solicitude.

6. Estar o corrente das súas obrigas tributarias co Concello no momento da concesión da bonificación.

A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación pola administración competente.

4.2. Á vista da documentación presentada, o Concello, ou a Deputación Provincial da Coruña no caso de delegar nesta administración as competencias en materia tributaria do imposto, ou o imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro, ditará resolución concedendo ou denegando a bonificación solicitada. A bonificación concedida producirá efectos dende o período impositivo seguinte a súa solicitude. En calquera caso, a presentación da solicitude fóra de prazo establecido no apartado 4.3. dará lugar a súa inadmisión e conseguinte denegación da bonificación instada.

4.3. Estas bonificacións terán carácter rogado. Os suxeitos pasivos que cumprindo os requisitos establecidos neste artigo 3.4 pretendan desfrutar da bonificación, deben presentar a correspondente solicitude dirixida ao Concello, ou á Deputación Provincial da Coruña no caso de delegar nesta administración as competencias en materia tributaria do imposto, ou o imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro, ata o 31 de decembro do ano anterior ao período impositivo no que pretenda que produza efectos.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

4.4. A bonificación regulada neste artigo 3.4 é incompatible con outros beneficios fiscais regulados nesta ordenanza fiscal.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente modificación desta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2026 e pematicerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

SEGUNDO.- Que se expoña ao público o acordo polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica desta entidade [<http://mugardos.sedelectronica.gal>].

No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

4º.-INTERVENCIÓN.- EXPEDIENTE 1225/2025. IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DE TRIBUTOS.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 3-I REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.-

Elévase á consideración do Pleno os antecedentes que constan no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica núm. 1224/2025, no que consta ditame favorable emitido pola CIP de Facenda e Promoción Económica en sesión realizada con data 18.09.2025.

Primeira quenda de intervencións	
Grupo PP	Inicia esta primeira quenda de intervencións o Alcalde presentando o punto e os antecedentes do expediente.
Grupo PSdG-PSOE	Inicia a súa intervención o portavoz do grupo reiterando os argumentos esgrimidos no punto anterior da orde do día. A modificación proposta importa unha porcentaxe de incremento do 15%. Comprende que se necesitan máis ingresos e se indica polo Alcalde que xa está todo claro máis bota en falta unha planificación xa que estima todo o sinalado son vaguedades, e mellor por escrito. O convenio con REGANOSA aprobouse cos votos de PP e EU no ano 2023. Dende esa data e ata agora, o concello deixou de ingresar aproximadamente 500.000 euros. Polo que é preciso que a veciñanza sepa o que se incrementa





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	por culpa desa actuación. Do pabellón hai ata tres proxectos e houbo outros con grande proxección mediática que non se executaron e cita o relativo ao mercado. En canto aos gastos de persoal, pregunta canta xente ou medios aplican aos servizos coma o desbroce as empresas externas. Polo que manifestan a súa falta de conformidade.
Grupo BNG	A portavoz do grupo BNG indica que a modificación está máis na media dos concellos. Os grupos traballaron de forma conxunta na definición das exencións e bonificacións máis quere lembrar que se debería estar xa traballando cos orzamentos e solicita que se negocien coa oposición para que podan prosperar. En canto aos motivos que se aducen para xustificar o incremento, o resto dos concellos non contan con REGANOSA e si tamén teñen que facer fronte a gastos de luz, auga etc e con todo Mugardos figura entre os tres municipios máis morosos da provincia. Polo que piden un plan económico. E reitera novamente a petición dun novo orzamento.
Alcalde	Quere novamente explicar que en primeiro lugar vai a parte impositiva e cando esto esté pechado se iniciará a formación dos novos orzamentos unha vez se sepa con cantos ingresos se vai a contar. Tan só falta a modificación do ICIO e algunha taxa. Deixa claro que van a abrir os orzamentos á negociación máis tras esta primeira etapa. Non considera que se fale de vaguedades xa que se está a falar de gastos concretos como as liquidacións do funcionamento da edar, electricidade, provedores, convenios ou dependencia. O documento o que se reflectirán os gastos é o orzamento e por tanto si existirá un documento concreto. Segue sen comprenderse que implicou o convenio asinado con REGANOSA. O obxectivo do convenio era evitar pagar case 6 millóns de euros. E por outra banda asegurar unha biblioteca municipal. Sen que a empresa deixe de pagar se non que tributa doutro xeito. Respecto da improvisación e os proxectos do pabellón. Houbo un no ano 2020 máis os custes quedaron obsoletos polo incremento do prezo dos





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	compoñentes que suberon de forma desproporcionada. Tras elo os axentes financiadores pediron a inclusión de medidas de aforro enerxético sen que o cambio da cuberta acadase esa consideración. Sendo finalmente incluído no plan co que se obtén o maior financiamento.
--	--

Segunda quenda de intervencións	
Grupo PSdG-PSOE	Levan dende o ano 2022 esperando por un novo orzamento. O seu grupo non vai a apoiar esta subida de impostos para que o goberno municipal siga incumprindo os orzamentos, contratando empresas privadas e proxectos que solo sirven para a promoción do PP.
Alcalde	Reitera que xa o aclarou en diferentes ocasións na sesión. Primeiro será preciso saber o importe a ingresar para despois poder confeccionar un orzamento.
Grupo PP	Toma a palabra o concelleiro delegado de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs Hai dous proxectos redctados para reforma do pabellón e no segundo contemplouse aereotermia. Non se debe confundir o número de proxectos co número de licitacións tramitadas. Ao que se suma que coas actuacións contempladas no primeiro proxecto non se acadaba a certificación enerxética mínima. Respecto da contratación externa, critica a posición do grupo PSdG- PSOE poñendo por exemplo a empresa de recadación, xa que cando se quede delegar os servizos nunha administración pública, dito grupo se opón. Non se considera desmedida a subida aínda que non é do agrado de ninguén que se incrementen os impostos. Tanto por normativa estatal como autonómica están a adoptar medidas semellantes, incrementando a carga impositiva os vehículos máis contaminantes.

Rematado o debate e sometida a proposta a votación ordinaria, acádase ao seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(1)

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Sentido do voto	A favor	Abstención	En contra	Abstención

En atención ao resultado da votación, o Pleno en uso das facultades previstas no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:

PRIMEIRO.- PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal nº 3-I, reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, publicada no BOP da Coruña núm. 263, do 15.11.2003, con modificacións posteriores publicadas nos BOP nº267 do 22.11.2005, no BOP nº271 do 23.11.2007, no nº248 do 21.12.2012, no nº243 do 26.12.2017 e no nº245 do 27.12.2021, coas modificacións introducidas pola CIP de Facenda e Promoción Económica en sesión ordinaria realizada con data 18 de setembro de 2025, quedando redactada nos seguintes termos:

-Se modifica o texto do artigo 3, que pasa a ter a seguinte redacción:

ARTÍGO 3.-EXENCIONES.

1.Estarán exentos do imposto os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire o apartado A do anexo II do Regulamento xeral de vehículos, aprobado por Real decreto 2.822/1988, de 23 de decembro. Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de persoas con discapacidade para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase mentres se manteñan ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte. Para os efectos do disposto neste parágrafo, considerárase persoa con discapacidade quen posúa esta condición legal en grao igual ou superior ao 33 por cento.

Para poder obter a presente exención, os interesados deberán solicitala ante o Concello, ou ante a Deputación Provincial da Coruña no caso de delegar nesta administración as competencias en materia tributaria do imposto, ou o imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro, con anterioridade ao devengo do imposto, indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio. A notificación na que se resolva a concesión da exención servirá de documento acreditativo da súa existencia. Xunto coa petición de exención, os interesados deberán achegar a seguinte documentación:

- Vehículos conducidos por persoas con discapacidade:

- a) Certificado do grao de discapacidade expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma no que conste o grao de discapacidade padecida.
- b) Permiso de conducción (anverso e reverso) a nome do discapacitado.
- c) Permiso de circulación a nome do discapacitado.
- d) Póliza do seguro do vehículo na que figure o discapacitado como único conductor do mesmo.
- e) Fotocopia do D.N.I. da persoa discapacitada

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- f) Ficha técnica do vehículo.
- g) Declaración de uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.

- Vehículos destinados ao transporte de persoas discapacitadas:

- a) Certificado do grao de discapacidade expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma, no que conste ademais do grao de discapacidade, que a persoa con discapacidade ten necesidade de asistencia de terceiras persoas.
- b) Permiso de circulación a nome da persoa discapacitada.
- c) Póliza do seguro do vehículo na que conste o conductor habitual.
- d) Fotocopia do D.N.I. da persoa discapacitada e do conductor habitual do vehículo.
- e) Ficha técnica do vehículo.
- f) Declaración de uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.

As exencións que no seu caso se concedan en calquera dos dous casos non serán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.

A concesión das exencións previstas no presente apartado queda supeditada á non existencia de débeda, por calquera concepto, co Concello de Mugardos.

A estos efectos, entenderase que o suxeto pasivo se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias cando non mantén co Concello débedas ou sancións tributarias en período executivo, agás que foran aplazadas, fraccionadas ou suspendidas.

2. Estarán exentos os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da Cartilla de inspección agrícola ou inscritos no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA).

Para poder gozar da exención á que se refire a letra g) do apartado 1 do artigo 93 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados/as deberán solicitala ante o Concello, ou ante a Deputación Provincial da Coruña no caso de delegar nesta administración as competencias en materia tributaria do imposto, ou o imposto municipal que o complementa ou substitúa no futuro, con anterioridade ao devengo do imposto, indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio. Declarada a exención expedirase un documento que acredite a súa concesión, sempre que se manteñan as condicións de non existencia de débeda co concello por ningún concepto e deberán achegar a seguinte documentación:

- a) Solicitude normalizada de exención.
- b) Fotocopia do DNI do solicitante.
- c) Fotocopia e orixinal ou fotocopia compulsada do permiso de circulación do vehículo.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

d) Fotocopia e orixinal ou fotocopia compulsada da cartilla de inspección agrícola, a nome do posible beneficiario/a da exención ou a Inscripción no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA).

e) Fotocopia e orixinal ou fotocopia compulsada do certificado de características técnicas do vehículo, coa inspección técnica en vigor, no seu caso.

A notificación da resolución da concesión da exención servirá de documento acreditativo da súa existencia.

-Se modifica o texto do artigo 5, que pasa a ter a seguinte redacción:

ARTÍGO 5.-COTA TRIBUTARIA

As cotas tributarias do imposto sobre vehículos de tracción mecánica serán a s resultantes de aplicar un coeficiente de incremento do 1,60 ás cotas establecidas no artigo 95.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

-Se modifica o texto do artigo 6, que pasa a ter a seguinte redacción:

ARTIGO 6.-BONIFICACIÓNS.

Ao abeiro do artigo 95.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, establecense as seguintes bonificacións:

1. En función da clase de carburante que consume o vehículo, en razón á incidencia da combustión no medio ambiente:

a) Gozarán dunha bonificación do 75% da cota do imposto, durante durante os cinco períodos impositivos seguintes a data da súa matriculación, os vehículos que utilicen exclusivamente combustible biogas, gas natural, gas natural comprimido e gas natural liquado (GNC e GNL), gas líquido, gas liquado de petróleo (GLP), metano, metanol, hidróxeno ou derivados de aceites vexetais.

Esta bonificación ten carácter rogado e surtirá efecto, no seu caso, dende o período impositivo seguinte a aquél no que se solicite, sempre que, se acredite ante o Concello ou ante a Deputación Provincial da Coruña no caso de delegar nesta administración as competencias en materia tributaria do imposto, ou o imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro, o cumprimento dos requisitos esixidos para o seu otorgamento. Para acceder a esta bonificación, o titular do vehículo deberá estar ao corrente no pago dos tributos municipais.

Para a súa concesión, os titulares dos vehículos deberán aportar a seguinte documentación:

a) Solicitude normalizada de bonificación.

b) Fotocopia do DNI do solicitante.

c) Fotocopia e orixinal ou fotocopia compulsada do permiso de circulación do vehículo.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

d) Fotocopia e orixinal ou fotocopia compulsada da ficha técnica do vehículo, en vigor, que acredite a súa inclusión nalgunha das categorías previstas neste apartado.

2. En función das características dos motores dos vehículos e a súa incidencia no medio ambiente:

a) Gozarán dunha bonificación do 75 % da cota do imposto, durante os cinco períodos impositivos seguintes dende a data da súa matriculación, os vehículos totalmente eléctricos e os vehículos impulsados exclusivamente con enerxía solar, vehículos eléctricos de batería (BEV), vehículo eléctrico de autonomía extendida (REEV), vehículo híbrido enchufable (PHEV) con unha autonomía mínima de 40 kilómetros ou vehículos de pila combustible.

b) Gozarán dunha bonificación do 50 % da cota do imposto, durante os cinco períodos impositivos seguintes dende a data da súa matriculación, os vehículos bimodais ou híbridos (motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diesel ou eléctricogas), vehículos híbridos enchufables con autonomía < 40 km, vehículos híbridos non enchufable (HEV).

Estas bonificacións teñen carácter rogado e surtirán efecto, no seu caso, dende o período impositivo seguinte a aquél no que se solicite, sempre que, se acredite ante o Concello ou ante a Deputación Provincial da Coruña no caso de delegar nesta administración as competencias en materia tributaria do imposto, ou o imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro, o cumprimento dos requisitos esixidos para o seu otorgamento. Para acceder a esta bonificación, o titular do vehículo deberá estar ao corrente no pago dos tributos municipais.

Para a súa concesión, os titulares dos vehículos deberán aportar a seguinte documentación:

a) Solicitud normalizada de bonificación.

b) Fotocopia do DNI do solicitante.

c) Fotocopia e orixinal ou fotocopia compulsada do permiso de circulación do vehículo.

d) Fotocopia e orixinal ou fotocopia compulsada da ficha técnica do vehículo, en vigor, que acredite a súa inclusión nalgunha das categorías previstas neste apartado.

3. Gozarán dunha bonificación do 100% na cota os vehículos históricos.

Esta bonificación ten carácter rogado e surtirá efecto, no seu caso, dende o período impositivo seguinte a aquél no que se solicite, sempre que, se acredite ante o Concello ou ante a Deputación Provincial da Coruña no caso de delegar nesta administración as competencias en materia tributaria do imposto, ou o imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro, o cumprimento dos requisitos esixidos para o seu otorgamento, que son os seguintes:

a) Que o titular do vehículo é o solicitante da bonificación.

b) Que o vehículo esté catalogado como histórico polo órgano competente da comunidade autónoma.

Para a súa concesión, os titulares dos vehículos deberán aportar a seguinte documentación:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- a) Solicitud normalizada de bonificación.
- b) Fotocopia do DNI do solicitante.
- c) Fotocopia e orixinal ou fotocopia compulsada do certificado de características técnicas do vehículo ou ficha técnica do vehículo, en vigor, no seu caso.
- d) Fotocopia e orixinal ou fotocopia compulsada do permiso de circulación do vehículo e a catalogación, de ser o caso, como tal polo órgano competente da comunidade autónoma.

Para acceder a esta bonificación, o titular do vehículo deberá estar ao corrente co concello por calquera concepto.

-Se elimina o apartado 4 do artigo 7, que pasa a ter a seguinte redacción:

ARTÍGO 7.-PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO.

- 1. O período impositivo coincide co ano natural, salvo no caso de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso, o período impositivo comenizará o día no que se produza dita adquisición.
- 2. O imposto se devenga o primeiro día do período impositivo.
- 3. O importe da cota do imposto ratearase por trimestre naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa definitiva do vehículo. Tamén procederá o rateo da cota nos mesmos termos nos supostos de baixa temporal por sustracción ou roubo do vehículo, e elo dende o momento no que se produza dita baixa temporal no rexistro público correspondente.

-Se eliminan os apartado 2,3,4 e 5 e modificar o apartado 1 do artigo 8, e cambio de denominación, que pasa a ter a seguinte redacción:

ARTÍGO 8.-XESTIÓN TRIBUTARIA

- 1. A xestión , liquidación, inspección e recadación , así como a revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria corresponde ao concello do domicilio que conste na Dirección Xeral de Tráfico.

-Se elimina o artigo 9.

-Se modifica o texto da disposición derradeira, que pasa a ter a seguinte redacción:

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente modificación desta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2026 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Unha vez introducidas as citadas modificacións o texto definitivo da ordenanza fiscal nº3-I, reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, quedaría redactada do seguinte xeito:

“ORDENANZA FISCAL Nº 3-I REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

ARTÍGO 1.-NATUREZA E FUNDAMENTO

O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, é un tributo directo establecido con carácter obrigatorio no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que reixrase pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas se axustan ás disposicións contidas nos artigos 92 a 99, ambos inclusive, de dita Lei.

ARTÍGO 2.-FEITO IMPOÑIBLE.

1. O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica grava a titularidade dos vehículos desta natureza, que sexan aptos para circular polas vías públicas, calqueira que sexa a súa clase e categoría.
2. Considérase vehículo apto para a circulación o que tivera sido matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentras non cause baixa nos mesmos. Aos efectos deste imposto consideraranse aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrículas turísticas.

Non están suxeitos a este imposto:

- a) Os vehículos que tendo sido dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan se autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas aos desta natureza.
- b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica cuxa carga útil non sexa superior a 750 Kilogramos.

ARTÍGO 3.-EXENCIÓNS.

1.Estarán exentos do imposto os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire o apartado A do anexo II do Regulamento xeral de vehículos, aprobado por Real decreto 2.822/1988, de 23 de decembro. Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de persoas con discapacidade para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase mentres se manteñan ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte. Para os efectos do disposto neste parágrafo, considerarase persoa con discapacidade quen posúa esta condición legal en grao igual ou superior ao 33 por cento.

Para poder obter a presente exención, os interesados deberán solicitala ante o Concello, ou ante a Deputación Provincial da Coruña no caso de delegar nesta administración as competencias en materia tributaria do imposto, ou o imposto municipal que o complementa ou substitúa no futuro, con anterioridade ao devengo do imposto, indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio. A notificación na que se resolva a concesión da exención servirá de documento acreditativo da súa existencia. Xunto coa petición de exención, os interesados deberán achegar a seguinte documentación:

- Vehículos conducidos por persoas con discapacidade:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- a) Certificado do grao de discapacidade expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma no que conste o grao de discapacidade padecida.
- b) Permiso de conducción (anverso e reverso) a nome do discapacitado.
- c) Permiso de circulación a nome do discapacitado.
- d) Póliza do seguro do vehículo na que figure o discapacitado como único conductor do mesmo.
- e) Fotocopia do D.N.I. da persoa discapacitada
- f) Ficha técnica do vehículo.
- g) Declaración de uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.

- Vehículos destinados ao transporte de persoas discapacitadas:

- a) Certificado do grao de discapacidade expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma, no que conste ademais do grao de discapacidade, que a persoa con discapacidade ten necesidade de asistencia de terceiras persoas.
- b) Permiso de circulación a nome da persoa discapacitada.
- c) Póliza do seguro do vehículo na que conste o conductor habitual.
- d) Fotocopia do D.N.I. da persoa discapacitada e do conductor habitual do vehículo.
- e) Ficha técnica do vehículo.
- f) Declaración de uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.

As exencións que no seu caso se concedan en calquera dos dous casos non serán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.

A concesión das exencións previstas no presente apartado queda supeditada á non existencia de débeda, por calquera concepto, co Concello de Mugardos.

A estos efectos, entenderase que o suxeto pasivo se atopa ao corrente das suas obrigas tributarias cando non mantén co Concello débedas ou sancións tributarias en período executivo, agás que foran aplazadas, fraccionadas ou suspendidas.

2. Estarán exentos os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da Cartilla de inspección agrícola ou inscritos no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA).

Para poder gozar da exención á que se refire a letra g) do apartado 1 do artigo 93 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados/as deberán solicitala ante o Concello, ou ante a Deputación Provincial da Coruña no caso de delegar nesta administración as competencias en materia tributaria do imposto, ou o imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro,

Avda. de Galicia, 45. Tfños. 981470338-981470290-981471701 Fax. 981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

con anterioridade ao devengo do imposto, indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio. Declarada a exención expedirase un documento que acredite a súa concesión, sempre que se manteñan as condicións de non existencia de débeda co concello por ningún concepto e deberán achegar a seguinte documentación:

- a) Solicitud normalizada de exención.
- b) Fotocopia do DNI do solicitante.
- c) Fotocopia e orixinal ou fotocopia compulsada do permiso de circulación do vehículo.
- d) Fotocopia e orixinal ou fotocopia compulsada da cartilla de inspección agrícola, a nome do posible beneficiario/a da exención ou a Inscripción no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA).
- e) Fotocopia e orixinal ou fotocopia compulsada do certificado de características técnicas do vehículo, coa inspección técnica en vigor, no seu caso.

A notificación da resolución da concesión da exención servirá de documento acreditativo da súa existencia.

ARTÍGO 4.-SUXEITOS PASIVOS.

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria a nome dos cales figure o vehículo no permiso de circulación.

ARTÍGO 5.-COTA TRIBUTARIA.

As cotas tributarias do imposto sobre vehículos de tracción mecánica serán a s resultantes de aplicar un coeficiente de incremento do 1,60 ás cotas establecidas no artigo 95.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ARTIGO 6.-BONIFICACIÓNS.

Ao abeiro do artigo 95.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, establece as seguintes bonificacións:

1. En función da clase de carburante que consume o vehículo, en razón á incidencia da combustión no medio ambiente:

a) Gozarán dunha bonificación do 75% da cota do imposto, durante os cinco períodos impositivos seguintes a data da súa matriculación, os vehículos que utilicen exclusivamente combustible biogas, gas natural, gas natural comprimido e gas natural líquido (GNC e GNL), gas líquido, gas líquido de petróleo (GLP), metano, metanol, hidróxeno ou derivados de aceites vexetais.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Esta bonificación ten carácter rogado e surtirá efecto, no seu caso, dende o período impositivo seguinte a aquél no que se solicite, sempre que, se acredite ante o Concello ou ante a Deputación Provincial da Coruña no caso de delegar nesta administración as competencias en materia tributaria do imposto, ou o imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro, o cumprimento dos requisitos esixidos para o seu otorgamento. Para acceder a esta bonificación, o titular do vehículo deberá estar ao corrente no pago dos tributos municipais.

Para a súa concesión, os titulares dos vehículos deberán aportar a seguinte documentación:

- a) Solicitud normalizada de bonificación.
- b) Fotocopia do DNI do solicitante.
- c) Fotocopia e orixinal ou fotocopia compulsada do permiso de circulación do vehículo.
- d) Fotocopia e orixinal ou fotocopia compulsada da ficha técnica do vehículo, en vigor, que acredite a súa inclusión nalguna das categorías previstas neste apartado.

2. En función das características dos motores dos vehículos e a súa incidencia no medio ambiente:

- a) Gozarán dunha bonificación do 75 % da cota do imposto, durante os cinco períodos impositivos seguintes dende a data da súa matriculación, os vehículos totalmente eléctricos e os vehículos impulsados exclusivamente con enerxía solar, vehículos eléctricos de batería (BEV), vehículo eléctrico de autonomía extendida (REEV), vehículo híbrido enchufable (PHEV) con unha autonomía mínima de 40 kilómetros ou vehículos de pila combustible.
- b) Gozarán dunha bonificación do 50 % da cota do imposto, durante os cinco períodos impositivos seguintes dende a data da súa matriculación, os vehículos bimodais ou híbridos (motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diesel ou eléctricogas), vehículos híbridos enchufables con autonomía < 40 km, vehículos híbridos non enchufable (HEV).

Estas bonificacións teñen carácter rogado e surtirán efecto, no seu caso, dende o período impositivo seguinte a aquél no que se solicite, sempre que, se acredite ante o Concello ou ante a Deputación Provincial da Coruña no caso de delegar nesta administración as competencias en materia tributaria do imposto, ou o imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro, o cumprimento dos requisitos esixidos para o seu otorgamento. Para acceder a esta bonificación, o titular do vehículo deberá estar ao corrente no pago dos tributos municipais.

Para a súa concesión, os titulares dos vehículos deberán aportar a seguinte documentación:

- a) Solicitud normalizada de bonificación.
- b) Fotocopia do DNI do solicitante.
- c) Fotocopia e orixinal ou fotocopia compulsada do permiso de circulación do vehículo.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

d) Fotocopia e orixinal ou fotocopia compulsada da ficha técnica do vehículo, en vigor, que acredite a súa inclusión nalguna das categorías previstas neste apartado.

3. Gozarán dunha bonificación do 100% na cota os vehículos históricos.

Esta bonificación ten carácter rogado e surtirá efecto, no seu caso, dende o período impositivo seguinte a aquél no que se solicite, sempre que, se acredite ante o Concello ou ante a Deputación Provincial da Coruña no caso de delegar nesta administración as competencias en materia tributaria do imposto, ou o imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro, o cumprimento dos requisitos esixidos para o seu otorgamento, que son os seguintes:

a) Que o titular do vehículo é o solicitante da bonificación.

b) Que o vehículo esté catalogado como histórico polo órgano competente da comunidade autónoma.

Para a súa concesión, os titulares dos vehículos deberán aportar a seguinte documentación:

a) Solicitud normalizada de bonificación.

b) Fotocopia do DNI do solicitante.

c) Fotocopia e orixinal ou fotocopia compulsada do certificado de características técnicas do vehículo ou ficha técnica do vehículo, en vigor, no seu caso.

d) Fotocopia e orixinal ou fotocopia compulsada do permiso de circulación do vehículo e a catalogación, de ser o caso, como tal polo órgano competente da comunidade autónoma.

Para acceder a esta bonificación, o titular do vehículo deberá estar ao corrente co concello por calquera concepto.

ARTÍGO 7.-PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO.

1. O período impositivo coincide co ano natural, salvo no caso de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso, o período impositivo comenizará o día no que se produza dita adquisición.

2. O imposto se devenga o primeiro día do período impositivo.

3. O importe da cota do imposto ratearase por trimestre naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa definitiva do vehículo. Tamén procederá o rateo da cota nos mesmos termos nos supostos de baixa temporal por sustracción ou roubo do vehículo, e elo dende o momento no que se produza dita baixa temporal no rexistro público correspondente.

ARTÍGO 8.-XESTIÓN TRIBUTARIA

1. A xestión, liquidación, inspección e recadación, así como a revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria corresponde ao concello do domicilio que conste na Dirección Xeral de Tráfico.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

As modificacións que se introduzcan na regulación do imposto, polas leis de orzamentos xerais do estado ou por calqueira outra lei ou disposición e que resulten de aplicación directa, producirán, de ser o caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente modificación desta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2026 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

SEGUNDO.- Que se expoña ao público o acordo polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica desta entidade [<http://mugardos.sedelectronica.gal>].

No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais”

5º.-SERVIZOS SOCIAIS.- RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA NÚM. 2025-1079 DETERMINACIÓN SERVIZOS MÍNIMOS CONVOCATORIA DE FOLGA NO ÁMBITO DO CONVENIO COLECTIVO DE AXUDA A DOMICILIO DE GALICIA DURANTE OS DÍAS 10, 11, 24 E 25 DE SETEMBRO DE 2025.-

Antecedentes sometidos á consideración da Comisión Informativa de Benestar Social e Igualdade en sesión ordinaria realizada con data 18.09.2025 adoptado o seguinte ditame:

“Segundo.- Expediente 2453/2022.- Ratificación Resolución Alcaldía núm. 2025-1079 servizos mínimos folga SAF

A presidenta da comisión dá conta do asunto de referencia segundo a documentación que existe no expediente.

Sometido o asunto a votación, a comisión, por aplicación do voto ponderado, co seguinte resultado, acorda:

Grupo municipal	PP(5)	BNG(3)	PSdG-PSOE(3)	EU(2)
Sentido do voto ponderado	A favor	Abstención	Abstención	Abstención

Primeiro. Ratificar a resolución da Alcaldía núm. 2025-1079 servizos mínimos folga SAF.

Segundo. Trasladar o presente acordo ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.”

Primeira quenda de intervencións	
Alcalde	Presenta e explica os antecedenres da Resolución.

Rematado o debate e sometida a moción a votación ordinaria, acádase ao seguinte resultado:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (1)
Sentido do voto	A favor	Abstención	Abstención	Abstención

En atención ao resultado da votación, o Pleno en uso das facultades previstas no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:

PRIMEIRO.- Ratificar a resolución da Alcaldía núm. 2025-1079 servizos mínimos folga SAF nos seus propios termos.

6º.- CONTRATACIÓN.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 1071/2025.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2025. APROBACIÓN PROXECTO CORRIXIDO.- Antecedentes sometidos á consideración da CIP de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs en sesión ordinaria realizada con data 18.09.2025 adoptado o seguinte ditame:

“2º.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 1071/2025.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2025. APROBACIÓN PROXECTO CORRIXIDO

...

Non formulándose debate ningún, sometido a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (4)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	Abstención	Abstención	Abstención

En atención ao resultado acadado a Comisión emite o seguinte ditame:

Primeiro.- Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 1071/2025, de 8 de setembro de 2025 nos seus propios termos e pronunciamentos:

“1º.- Prestar aprobación, ao proxecto: “Renovación dos pavimentos da beirarrúa na rúa Peteiro”, polo importe de 154.938,46 euros, IVE incluído, redactado polo enxeñeiro de camiños D. Antonio José Durán Maciñeira e asinado dixitalmente en data 15.07.2025, e que figura incluído na achega provincial 2025 do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+ 2025.

2º.- Queda, en consecuencia, sen efecto a aprobación do proxecto, efectuada pola resolución da alcaldía núm. 2025-0637, do 28.05.2025.

3º.- Dar conta da presente resolución ao Pleno na próxima sesión que se celebre para a súa ratificación así como á Comisión Informativa de Obras, Servizos, Medio Ambiente e

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

TICs para os efectos previstos no artigo 126.2º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

Non subscitándose debate algún e sometida a ratificación a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (1)
Sentido do voto	A favor	Abstención	Abstención	Abstención

En atención ao resultado da votación, o Pleno en uso das facultades previstas no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:

PRIMEIRO.- Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 1071/2025, de 8 de setembro de 2025, nos seus propios termos e pronunciamentos.

7º.- SECRETARÍA.- MOCIÓNS URGENTES.

Non se formulan.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

8º.- SECRETARÍA.-ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.-
Dáse lectura á dilixencia estendida por Secretaría con data 17.09.2025:

“MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE SOBRE MODIFICACIÓN DO USO DA ESCOLA UNITARIA DE O SEIXO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DESTINADOS Á ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES. Uniuse certificación do acordo ao expediente, ordeándose mediante Providencia de Alcaldía a continuación da tramitación para solicitar a efectiva desafectación da EEI así como a emisión de informe da traballadora social e arquitecta municipal para os efectos de verificar a aptitude urbanística do posible destino a un uso asistencial público para persoas maiores.

INICIO ACTUACIÓNS EXPROPIACIÓN FORZOSA CON DECLARACIÓN DE URGENTE OCUPACIÓN “AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN O MONTE (SANTIAGO DE FRANZA)” POS +2024. Publicado o “DECRETO 44/2025, do 9 de xuño, polo que se declara a urgente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto denominado Ampliación da rede municipal de saneamento de augas residuais no Monte (Santiago de Franza), no concello





Concello de Mugardos
(A Coruña)

de Mugardos”, con data 30 de xuño de 2025 ditouse Resolución da concellería delegada de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior núm. 2025-0814, pola que presta aprobación á convocatoria das persoas titulares dos bens e/ou dereitos afectados, conforme ás notificacións individuais e nos anuncios a publicar no BOE, BOP de A Coruña e no Diario de Ferrol e La Voz de Galicia, para que se prexuízo de trasladarse ás fincas, se o considerase necesario co fin de recoller os datos para valoración dos bens ou dereitos afectados para o levantamento da acta previa á ocupación o 29 de xullo de 2025 e o levantamento de acta de ocupación definitiva o 13 de agosto de 2025, abrindo un periodo de información pública durante quince días naturais, contados a partir da publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia ou ata o momento en que se proceda ao levantamento das citadas actas previas á ocupación. Consta na súa execución anuncio publicado no BOP n.º 126 de 4 de xullo de 2025, no BOE N.º 164 de 09.07.2025, no diario La Voz de Galicia o 9 de xullo de 2025 e no diario de Ferrol o 10 de xullo de 2025. De igual xeito con data 4 de xullo se remitiron notificacións ás persoas identificadas no expediente (número rexistro saída 2025-S-RE-910, 911, 912 e 913). Levantáronse, en data 29 de xullo de 2025, acta de comprobación previa posibles danos ouprexuízosurxente ocupación e acta previa á ocupación. Con data 5 de agosto requiríuse a presentación de documentación acreditativa da titularidade de quantas comparecencia se identifica como herdeiro dun dos titulares. Pola Resolución da alcaldía núm. 2025-0987, de data 12 de agosto de 2025, acordouse efectuar a consignación do xustipreciona Caixa Xeral de Depósitos; téndose suspendido o levantamento de acta de ocupación definitiva pola falta de consignación do depósito previo, constando no expediente, documentación xustificativa acreditativa da presentación con data 12 de agosto de 2025, de solicitude de depósito ante a Secretaría General del Tesoro y Política Financiera, atopándose esta en estado de validación. Con data 18 de agosto de 2025 efectúase transferencia á Caixa Xeral de Depósitos. Téndose convocado ao levantamento de acta de ocupación definitiva ás posibles persoas titulares afectadas, con publicación do contido da convocatoria no BOE, BOP e nos taboleiros de anuncios do Concello, levándose esta a efecto con data 29.08.2025.

EXPEDIENTE 848/2023. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ ADICIONAL 2/2024. NOVA SOLICITUDE. Resolución da Presidencia da Deputación provincial da Coruña de 19 de xuño de 2025 pola que tras a emisión de informe favorable de 2 de xuño de 2025 se considera cumprida a condición á que foi sometido o investimento “Renovación e mellora cubrición pista polideportiva O Cristo”, aprobando definitivamente o mesmo dentro do Plan; téndose incorporado ao expediente certificación comprensiva do acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión celebrada en data 30.07.2025, relativo á ratificación da Resolución da Alcaldía núm. 2025-0636, pola que se prestaba aprobación ao proxecto corrixido.

EXPEDIENTE XESTIONA NÚM. 197/2023.- ACORDO DE AGRUPACIÓN DAS ENTIDADES CO FIN DE CONCORRER, DE FORMA CONXUNTA Á TERCEIRA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS (2024), EN CONCORRENCIA COMPETITIVA DE PROXECTOS DE MELLORA DA EFICIENCIA DO CICLO URBANO DA AUGA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN,

Avda. de Galicia, 45. Tfnos.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PERTE DIXITALIZACIÓN DO CICLO DA AUGA), FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA- NEXT GENERATION EU. Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado do mesmo ao Concello de Ares, xunto coa documentación precisa para poder participar na citada convocatoria, formalizouse ante notario, xunto cos concellos de Ares e Fene, acta de manifestacións na que se manifesta a vontade de continuar no citado procedemento se unha vez resolto o mesmo, a agrupación formada recibe cando menos o 100% do importe solicitado, asumindo o compromiso de a tal efecto remitir ao órgano competente de cada Corporación o correspondente acordo para adoptar a decisión que corresponda, e presentouse a solicitude de participación na citada convocatoria.

EXPEDIENTE 1816/2024. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) 1ª FASE POS+ ADICIONAL 2/2025. Traslado pola Deputación da Coruña da Resolución de Presidencia de 1 de xullo de 2025 pola que se levantan as condicións do investimento “Renovación dos pavimentos da beirarrúa na rúa Os Corzás”, número rexistro de entrada 2025-E-RC-3152.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL BNG SOBRE CREACIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DE SAÚDE E BENESTAR.- Certificado asinado con data 11 de xullo de 2025 dando conta da ausencia de achegas durante a fase previa de consulta pública, elevouse á consideración da CIP de Benestar Social e Igualdade con data 17 de xullo de 2025. Pola Comisión Informativa de Benestar Social e Igualdade, na sesión celebrada en data 7 de agosto de 2025, ditaminouse tomar en consideración o texto do proxecto do Regulamento, levar a cabo a realización da fase de audiencia e información públicae proceder a publicar anuncio comprensivo da finalidade do trámite que inclúa no Espazo de participación cidadá do Portal de internet municipal no que a veciñanza e colectivos implicados poderán realizar a súas achegas así como no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no Portal de transparencia do concello. E pola Resolución da Alcaldía núm. 2025-0983, acordouse levar a cabo a realización da citada fase de audiencia e información público proxecto de modificación puntual e texto refundido resultante do “Regulamento do Consello de Saúde e Benestar Social de Mugardos” así como proceder a publicar anuncio comprensivo da finalidade do trámite; téndose publicado o citado anuncio no Espazo de participación cidadá do Portal de internet municipal, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no Portal de transparencia do concello.

EXPEDIENTE 1816/2024. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2025. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 2025-0743, SOBRE APROBACIÓN PROXECTO CORRIXIDO ACONDICIONAMENTO CLUB DO MAR.- Achegouse certificación ao expediente.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

EXPEDIENTE 77/2025. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº14 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DEPORTIVOS,CULTURAIS E DE LECER..- Achegado certificado do acordo de aprobación inicial dolo Pleno, con data 24 de xullo de 2025 publicouse no BOP nº 140, anuncio comprensivo do sometemento á fase de información pública, sen que no prazo de presentación de alegacións se teña presentado alegación algunha, constando informe da funcionaria encargada do rexistro xeral e certificación de secretaría comprensivos de tal extremo.Téndose publicado no Boletín Oficial da Provncia núm. 175 de data 15.09.2025 anuncio da aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal, entrando esta vigor con data 16 de setembro de 2025.

EXPEDIENTE 2292/2022.APROBACIÓN INICIAL SE PROCEDE PROPOSTA DE REGULAMENTO DE CARREIRA PROFESIONAL HORIZONTAL DO CONCELLO DE MUGARDOS.- Achegado certificado do acordo de aprobación inicial dolo Pleno, con data 24 de xullo de 2025 publicouse no BOP nº 140, anuncio comprensivo do sometemento á fase de información pública.

CALENDARIO LABORAL 2026. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente e remitiuse certificación do acordo adoptado á Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de a Coruña.

TOMA DE COÑECEMENTO DE ESCRITO DE RENUNCIA DE CONCELLEIRO E PROPOSTA DE ESTENSIÓN DE CREDENCIAL EN FAVOR DE NOVA CONCELLEIRA.Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente, notificouse o acordo adoptado ao interesado e remitiuse á Xunta Electoral Central certificación do mesmo xunto coas renuncias anticipadas presentadas polos candidatos chamados a cubrir a vacante, recibíndose con data 09.09.2025 credencial para a toma de posesión como concelleira de Patricia María Ruiz de Azcárate Casteleiro.

MODIFICACIÓN ACORDO PLENO DESIGNACIÓN REPRESENTACIÓN DO CONCELLO EN ÓRGANOS COLEXIADOS. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente, notificouse o acordo adoptado aos concelleiros/as afectados/as dándose traslado do mesmo aos órganos colexiados afectados pola citada modificación.

EXPEDIENTE 1624/2025. ADHESIÓN DO CONCELLO DE MUGARDOS AO CONVENIO COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A PRESTACIÓN MÚTUA DE SOLUCIÓNS BÁSICAS DE ADMINISTRACIÓN DIXITAL. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente téndose remitido ao cau periférico da Xunta de Galicia solicitude de acceso á sala de sinaturas de conformidade coas indicacións que constan no portal Eido Local.

EXPEDIENTE 1007/2024.- MODIFICACIÓN PARCIAL REGULAMENTO CENTRO CÍVICO MUNICIPAL (FASE DE APROBACIÓN INICIAL NO SEU CASO E INFORMACIÓN PÚBLICA).Uniuse certificación do acordo ao expediente, publicándose anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia núm. 169 de data 05.09.2025, e simultaneamente no taboleiro de anuncios do Concello dispoñible na sede

Avda. de Galicia, 45. Tfnos.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

electrónica <https://mugardos.sedelectronica.gal/info.0>, na sección de Transparencia, apartado 2.1 (normativa en tramitación) e no espazo de participación cidadá na elaboración normativa disponible na páxina web <https://mugardos.gal/participacion-cidada-na-elaboracion-normativa/>, sección Iniciativa en fase de información pública; estando o expediente a disposición da veciñanza, en formato papel, no servizo de Secretaría de 09.00 a 14.00 horas, e o contido dos informes técnicos, resultado da fase previa de consulta e participación públicas e o texto completo do proxecto no indicado portal de internet, sección e apartado.

RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA NÚM. 2025-0985 DETERMINACIÓN SERVICIOS MÍNIMOS CONVOCATORIA DE FOLGA 13.08.2025 SAF. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A DEFENSA DO SISTEMA PÚBLICO DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA E A MELLORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF). Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente e deuse traslado do citado acordo á Consellería de Política Social da Xunta de Galiza, aos grupos parlamentarios do Parlamento galego e á FEGAMP.

EXPEDIENTE 1816/2024. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVICIOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) 2ª FASE POS+ ADICIONAL 2/2025. Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado do acordo á Deputación Provincial de A Coruña.

EXPEDIENTE 1698/2025. IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DE TRIBUTOS. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº5-I REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA. Uniuse certificación do acordo ao expediente.”

9º.- SECRETARÍA.- RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DENDE O DERRADEIRO PLENO ORDINARIO QUE COMPRENDE AS NUMERADAS ENTRE O ENTRE O 2025-1011 AO 2025-1121.

O Pleno da por realizado o trámite.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Rogos	
Portavoz EU	Non se formulan
Portavoz PSdG-PSOE	Roga novamente que se eleve a consideración CIP Obrs, Servizos, Medio Ambiente e TICs o convenio asinado para a xestión das franxas secundarias. Hai camiños abertos no concello e é





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	urxente que se adopten medidas. Presentouse o calendario fiscal máis con opacidade. Con todo quedan os recibos da auga deste ano que non estaban incluídos no calendario, e rogan que se publique xa que hai preocupación na veciñanza polos que quedan pendentes.
Portavoz BNG	Roga que os debates se centren nos asuntos municipais se proxectar asuntos de ámbito estatal ou autonómico.

Non habendo máis asuntos que tratar o Alcalde levantou a sesión sendo as vinte horas e corenta e un minutos, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe e que conta cun soporte de grabación en video cuxa pegada dixital é:38b873069037ffc04b21010b19fc1285e7857e0b631bdcfb94e90e498f9cded59231b65620b377788f35cb30267ef1ff56e83ed3a4b190c47fe9761a8b79ac00

Visto e prace

O Presidente

A secretaria

Juan Domingo de Deus Fonticoba

Paula E. Ramos Díaz

